

# A Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico presenta o Sistema Innova no CESGA

- Actualizado (08.09.2005)

O día 4 de Marzo a Asociación de Industrias Electrónicas e de Comunicacións presentará no CESGA o Sistema Innova. Este sistema foi desenvolvido pola "Oficina de Transferencia de Resultados de la Investigación" (OTRI) da Asociación Nacional de Industrias Electrónicas e de Telecomunicacións (ANIEL).

O Sistema Innova chega a Galicia da man da Secretaria Xeral de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico, Consellería de Presidencia, Xunta de Galicia, coa colaboración do Centro de Supercomputación de Galicia.

O Acto será presidido por D. Miguel Angel Ríos, Secretario Xeral de Investigación e Desenvolvemento. Presentarán as súas experiencias en innovación tecnolóxica no sector da electrónica e as telecomunicacións:

Juan Gascón, Subdirector de ANIEL e Director de FTI (Fundación Tecnoloxías de la Información).

D. Ramón Lois (Televés Xefe do Departamento de Antenas).

D. Julio Espinosa (Intelsis, Responsable do Departamento de I+D).

D. Alfonso Molina (Arteixo, Responsable do Departamento de I+D).

Ó acto de presentación asistirán directivos e investigadores dos centros de investigación de Galicia e representantes das empresas do sector en Galicia.

O Sistema Innova é unha ferramenta informática que busca:

Estreitar a cooperación entre os produtores de tecnoloxía e os científicos que traballan en liñas de investigación de interese para a industria e os mercados.

Fomentar o trasvase de coñecementos entre os axentes dos contornos productivo e científico.

Difundir a demanda tecnolóxica do sector e a oferta de resultados de investigación dos científicos.

Promover o establecemento de acordos de cooperación entre as empresas e as institucións do contorno científico.

Detectar as tendencias futuras en materia tecnolóxica.

Preparar os recursos humanos das empresas para as tecnoloxías futuras.

Realizar tarefas de formación e concienciación sobre a importancia da cooperación Universidade/Empresa/Centros de Investigación.